



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**ANUNCIO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Muros na sesión celebrada o día 10 de novembro de 2016 adoptou o seguinte acordo

**APROBAR AS BASES QUE HAN DE REXER PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN MONITOR/A SOCORRISTA PARA A PISCINA MUNICIPAL.**

**1.- Obxecto da convocatoria**

Constitúe o obxecto destas bases a aprobación da convocatoria e regulación do proceso selectivo para a provisión mediante contratación laboral temporal dun contrato de interinidade dun/ha monitor/a socorrista para a piscina municipal do concello de Muros, para cubrir unha baixa de risco por embarazo e maternidade

O cometido funcional do posto versará sobre as tarefas propias da praza, consistentes na realización de tarefas de control e socorrismo na piscina, monitor/a de natación, instrutor/a de ciclo indoor, instrutor/a de Zumba e monitor/a de diferentes actividades deportivas que se desenvolven na piscina

Tamén deberá realizar aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais competentes ou polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do Concello relacionadas co posto de traballo.

**2.- Sistema de selección.**

O sistema de selección será de concurso-oposición, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 7 destas bases.

**3. Requisitos das persoas aspirantes.**

3.1 Para poder formar parte do proceso será necesario que as persoas aspirantes reúnan na data de finalización do prazo de presentación de instancias os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 do 13 de abril do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido separada do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.



## **CONCELLO DE MUROS** (A Coruña)

e) Estar en posesión das seguintes titulacións:

1. Título de licenciado/a en INEF, TS Actividades de Animación Físico Deportivas, ou equivalente
2. Estar en posesión da titulación de socorrista en instalacións acuáticas, ou equivalente

3.2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral temporal, no seu caso.

#### **4. Forma e prazo de presentación de instancias.**

4.1 As persoas que desexen formar parte das probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida á Sra. alcaldesa do Concello de Muros que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Neste último caso deberase remitir copia da solicitude ao Fax: 981 762 257 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

O prazo para a presentación das solicitudes rematará o vindeiro día **23 de novembro de 2016**. As persoas interesadas terán a súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As bases das probas selectivas serán publicadas no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Muros ([www.muros.gal](http://www.muros.gal)).

4.2 A solicitude deberá ir acompañada por copia compulsada de :

- a) DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- b) Copia das titulacións esixidas no punto 3.d destas bases.
- c) Se é o caso, documentación que acredite os extremos do punto 7 destas bases. A experiencia laboral acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

#### **5. Admisión das persoas aspirantes.**

Rematado o prazo de presentación das solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Nesta resolución, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Muros, sinalarase un prazo de dous días hábiles para poder corrixir ou emendar, no seu caso, o defecto que motivou a exclusión.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo máximo de cinco días naturais dende a finalización do prazo de presentación destas. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución, estas entenderanse desestimadas. No caso de non presentarse reclamacións, a lista provisional publicada terá carácter definitivo.



## **CONCELLO DE MUROS** (A Coruña)

### **6. Tribunal cualificador**

6.1 O tribunal de selección estará composto por:

PRESIDENTE: Dolores Brea Santiago; suplente, Jose Manuel Mayo Priegue

SECRETARIO: Noelia Louro Louro; suplente, Josefa Fernández Fernández

VOGAL: Damian Torea García, suplente, Enrique Carou Nieto

6.2 Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo á Sra. alcaldesa cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando neste concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

6.3 O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia da presidencia e da secretaría ou dos/as que legalmente as substitúan.

### **7.-Procedemento selectivo.**

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, quedando decaídas no seu dereito as persoas opositoras que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo os/as aspirantes acadar ata un máximo de 27 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación:

O tribunal publicará todos os acordos na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello de Muros.

#### **A. Fase de oposición:**

##### **a) Primeiro exercicio:**

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de media hora, dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases.



## **CONCELLO DE MUROS**

(A Coruña)

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os/as aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,5 puntos, mentres que as erradas restarán a puntuación en 0,10 puntos. So pasarán a realización do segundo exercicio os 20 aspirantes que acaden, se é o caso, a maior puntuación neste primeiro exercicio

### **b) Segundo exercicio:**

Consistirá na realización dunha proba práctica sobre as funcións a desenvolver e relacionadas co programa anexo ás bases. Nesta proba valorarase a destreza na realización das tarefas e coñecemento das funcións a realizar. A duración máxima deste exercicio será de 15 minutos.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os/as aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

Unicamente se publicarán as cualificacións dos/as aspirantes que superaron cada proba, o que se fará mediante anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello de Muros, dispoñendo a persoa candidata dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas.

### **B.- Fase de concurso de méritos:**

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso. Esta permitirá acadar ata un máximo de 7 puntos e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

#### **-Experiencia profesional:**

Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes características: 0,15 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 4 puntos. Xustificarase por medio de informe de vida laboral e certificado de empresa ou contrato de traballo.

#### **-Formación:**

Pola realización dos seguintes cursos de formación

- a) Estar en posesión do título de ciclo indoor ou equivalente 1.5 puntos
- b) estar en posesión de instrutor de Zumba ou equivalente 1,5 puntos

No caso de existir empate na puntuación final dos/as aspirantes, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a obtención da nota máis alta no primeiro exercicio da oposición e, de ser preciso, nos sucesivos segundo a orde establecida nestas bases. Se continúa o empate, optarase polo maior tempo sen traballar do/a aspirante que se acreditará coa vida laboral. O tribunal sinalará os candidatos ou candidatas que deben presentar o informe de vida laboral.



## **CONCELLO DE MUROS** (A Coruña)

### **8.- Resolución.**

Concluído o proceso selectivo, o tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada persoa por orde decrecente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web: [www.muros.gal](http://www.muros.gal), propoñendo ás persoas preseleccionadas, establecendo un prazo de dous días naturais dende e a publicación da lista para presentación de reclamacións, no caso de existiren estas reunirse novamente o tribunal para resolvelas.

Co resto de persoas candidatas formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias, ou vacantes, vacacións, incapacidades, permisos ou para atender a novas necesidades

A comunicación da selección da persoa candidata realizarase telefonicamente, deixando constancia do resultado do chamamento polo/a traballador/a que a realiza.

Se a persoa candidata rexeita a contratación pasará ao final da lista, agás que este rexeite sexa por ter un contrato en vigor ou estar de baixa médica, en tal caso deberá acreditarlo por escrito e manterase no posto da lista ata o remate da baixa ou contrato. As persoas candidatas que rematen o seu contrato volverán ao posto que tiñan na lista. O chamamento farase sempre empezando pola primeira persoa dispoñible na lista.

Aprobada por Decreto da Alcaldía, a proposta do tribunal, notificarase ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral.

### **9º. Incidencias.**

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas.

### **10. Normativa aplicable.**

O proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

### **11. Recursos.**

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contarase desde o día seguinte á publicación da resolución.

Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a



## **CONCELLO DE MUROS**

(A Coruña)

resolución, vostede pode entender desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

### **ANEXO I. TEMARIO**

Tema 1. O Concello de Muros. Xeografía. Organización territorial e toponimia.

Tema 2. Actividades físico deportivas individuais. Acondicionamento físico e natación

Tema 3. Fundamentos Biolóxicos e bases de acondicionamento físico.

Tema 4. Primeiros auxilios e socorrismo acuático.

Tema 5. Animación y dinámica de grupos